

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2023/11	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Adopción de acordos correspondentes ao pleno organizativo.»
<b>Data</b>	21 de agosto de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 20:32 ata as 22:09 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos
<b>Presidida por</b>	María Dolores Castiñeira Alén
<b>Secretaria</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
José Luis Fernández Pérez	SÍ
Manuel González Rodríguez	SÍ
Marcos Troncoso Estévez	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Salustiano Guerra García	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Selene González Luis	SÍ



Vanessa Rocha Núñez	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

**Sr. Guerra García:** O noso grupo tiña presentada acaído con este pleno, incluso co anterior, unha proposta de modificación do Regulamento orgánico municipal que entendemos que procedería discutir no inicio deste mandato municipal na medida en que o ROM é a norma pola que nos rexemos en canto a funcionamento e nomeadamente, nesa proposta pretendemos que se modifiquen os puntos 4 e 5 do artigo 35 referencias a participación veciñal e incorporar un capítulo novo dentro de ese ROM en referencia a simboloxía heráldica e o uso que se fai no Concello da simboloxía, non sabemos porque non se trouxo a este pleno, poderíase ter traído.

**Sra. Alcaldesa:** Precisa estudio e informes e polo tanto cando se faga traerase a sesión ordinaria que consideremos, si nos da tempo a vindeira será na vindeira e senón na seguinte, agardo que sexa na vindeira.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### Expediente 1379/2023. Ratificación de Resolución núm. 2023-0730 de nomeamento de persoal eventual e fixación de retribucións.

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 4, En contra: 7, Abstencións: 2, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Logo da presentación plenaria celebrada o pasado 13 de xullo, foi o primeiro pleno correspondente ao pleno de organización, máis dun mes dese pleno, trouxose unha proposta salarial para ese persoal eventual que establecía unha retribución en 25.200€ e xornada completa, unha proposta que foi rexeitada pola totalidade da oposición, PP, PSOE e BNG e hoxe logo de achegar posturas de diálogo, negociación como corresponde cando se está nun goberno en minoría, traemos a este pleno a ratificación do Decreto de nomeamento de persoal eventual aprobado no seu día, cas mesmas condicións que a lexislatura pasada, lexislatura 2019-2023 tanto en salario como en xornada, aprobada ademais no seu momento para darlle certa cobertura legal ao persoal eventual co condicionamento xa establecido nese decreto de traelo a sesión plenaria para a súa aprobación, dou lectura ao decreto:

*“Visto que en data 17.06.2023 celebrouse a sesión constitutiva da nova corporación*



*municipal e a toma de posesión da Alcaldesa do Concello.*

*Vista a necesidade de ocupar o posto de persoal eventual de esta Alcaldía, denominado “Auxiliar administrativo” e que consta dotado presupostariamente e vacante no cadro de persoal do Concello do orzamento vixente.*

*Visto que por esta Alcaldía preténdese manter como persoal eventual do Concello o sinalado posto que xa consta no cadro de persoal do orzamento.*

*Visto que existe consignación orzamentaria suficiente para facer fronte á asignación que comporta este nomeamento na partida 912.11000, segundo informe de Intervención núm. 2023-0125.*

*De conformidade co establecido nos artigos 29 e seguintes, e artigo 201 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia,*

## **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Nomear a M<sup>a</sup> Teresa Pérez González, con DNI núm. 76902797C, como persoal eventual, para ocupar o posto de traballo de confianza denominado “Auxiliar administrativo”, a retribución bruta anual será de 21000,00 euros (total anual bruto) (1500,00 euros brutos en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias), por considerar que a persoa que se nomea é a axeitada para desenvolvelo.

**SEGUNDO.** A persoa nomeada poderá ser cesada ou separada libremente pola Alcaldía en calquera momento do mandato da actual Corporación. En calquera caso, este persoal eventual cesará automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a súa función de confianza ou asesoramento.

**TERCEIRO.** Notificar este nomeamento á interesada e facer público este nomeamento en o Boletín Oficial da Provincia, con especificación do réxime de retribucións e dedicación unha vez adoptado o acordo plenario polo que se ratifica o número, características e retribucións do persoal eventual.”

**Sr. Rodríguez Davila:** Un goberno en minoría pretende que o coste do mesmo, incluído o cargo de confianza, sexa case igual que un goberno de maiorías e polo tanto non son realistas nin están na realidade do día a día dos Salcedenses. Os problemas dos veciños son outros, sen embargo parece ser que os problemas que ten o goberno é un e exclusivo, que é intentar si ou si aprobar as súas retribucións tanto de cargo de confianza como tamén nas dedicacións en canto a salario e tamén a custe da seguridade social. Estamos de novo aquí debatendo unha proposta da cal este grupo maioritario da Corporación pediu un informe á señora Secretaria municipal para ver a legalidade do decreto que asina a Sra. Alcaldesa e que nomea a



esta persoa de confianza sen a ratificación por parte do pleno do mesmo e nese informe, a Sra. Secretaria municipal deixa ben claro que si este pleno non ratifica ese decreto queda anulado e polo tanto non é válido e polo tanto terá que ser o pleno quen diga si está de acordo ou no con ese cargo de confianza e con esa retribución que nese decreto. Por parte da Sra. Alcaldesa se dixo e se propón para esta persoa. Unha vez máis, Sra. Alcaldesa, vostede pon os bois antes co carro, cómo é posible que vostede nomee a unha persoa sen antes ter o visto bo do pleno cando vostede sabe que está en minoría e cando vostede sabe que necesita o apoio da maioría dos membros desta Corporación municipal? Por outro lado, nos chama e nos chirría que vostedes lle cambien o nome a ese cargo de confianza, si collemos as actas dos plenos do ano 2015 se denominaba ese cargo de posto de asesor ou asesora de alcaldía-presidente do Concello funcións de confianza e asesoramento especial, si collemos a acta e a proposta que viu a este pleno no ano 2019 se denominaba o asesor de alcaldía-presidente/presidenta, exactamente o mesmo que o anterior sen embargo vostedes agora lle chaman auxiliar de administración, auxiliar administrativa, polo tanto queremos que deixen ben claro cal é o motivo do cambio do nome dese posto de confianza porque como di o refrán desconfía e acertarás e o tempo o dirá, e xa lle advirto que estaremos viaxantes e atentos para todo aquilo que vostedes poidan estar pesando facer no futuro con esa persoa que vostede pretende nomear de confianza pero non así senón de auxiliar administrativa. Porque non ven neste proposta o custe da seguridade social deste cargo de confianza? Si no pleno anterior se dicía que había un erro no informe da señora Interventora municipal, o cal non queremos poñer en dúbida, porqué non se ratifica ese importe do custe da seguridade social e se adxunta a este expediente e ven hoxe aquí a pleno e polo tanto se clarifica nitidamente e transparéntemete cal vai ser o custe da seguridade social deste persoa que vostedes pretenden no día de hoxe aprobar e nomear como auxiliar administrativa de alcaldía.

**Sra. Tourón Domínguez:** Neste punto eu pedín información, despois da Comisión informativa, información sobre a situación actual do persoal eventual posto que no informe que mencionaba o voceiro do PP a secretaria facía fincapé en que habería que validar o decreto de nomeamento do persoal eventual no primeiro pleno seguinte a ese nomeamento, ese primeiro pleno xa levou a cabo no mes de xullo e a miña pregunta é insistir en que pedimos esa información e que non a temos, cal é a situación actual si habería que haber aprobado ou validado ese decreto nese primeiro pleno de organización que xa se levou a cabo? E porqué non se contestou a esa información? Xa o dixemos no pleno anterior, estamos de acordo en que haxa unha persoa de confianza, estamos de acordo con que siga coas mesmas condicións que na legislatura anterior, pero como xa o dixeran na Comisión Informativa que se celebrou antes deste pleno creo que as dedicacións e retribucións do equipo de goberno de todo, tanto de concelleiros/concelleiras como de persoal eventual, ten que ir ligado, ten que haber un acordo conxunto, non se pode pretender aprobar por un lado á persoa de cargo de confianza e por outro as retribucións e dedicacións de concelleiros e concelleiras do goberno, creo que é un equipo completo e así debe ser



tratado. Nós presentamos, fai varias semanas, unha proposta nova na que había dedicación para os catro concelleiros e concelleiras e o persoal eventual e visto que nese segundo punto que debateremos a continuación, non se trae esa proposta que presentaba o PSOE e a pesar de estar de acordo co posto de confianza, vamos a abstermos. Insisto, o PSOE está de acordo con que exista unha persoa de confianza, está de acordo con que siga nas condicións que había na lexislatura anterior pero a proposta do psoe é do equipo de goberno no seu conxunto, con catro concelleiros/concelleiras electos e se ofrece dedicación a cinco persoas o cal ten que ser tratada en conxunto, noutros concellos decidiron, para poder aumentar o soldo de concelleiros/concelleiras prescindir da persoa de confianza entre outros exemplos, entendo que o importe global como as dedicacións e as retribucións deben ser tratar nun acordo global, estando de acordo con este punto pero non estando de acordo co punto número dous o PSOE vai absterse.

**Sr. Guerra García:** Creo que as cousas se fixeron mal dende o principio e que sabendo, a Sra. Castiñeira, que as dedicacións e os cargos que aquí se acorde retribuír entre os que se acorda o persoal de confianza, son materia do pleno, nós non entendemos porqué primeiro se saca un decreto e logo se negocia as condicións desta persoa, so fai falta ver o informe da Secretaria onde se di que o decreto neste momento debía estar sen efecto. Poderíamos cuestionarnos incluso a necesidade neste momento desa persoa, nós non a cuestionamos en absoluto, dixémolo dende o primeiro momento, podemos entender que o gabinete de Alcaldía necesita de algún apoio máis dada a situación que hai neste momento económica non entendemos que a persoa teña que estar a 8 horas seguimos entendendo que pode facer as funcións de apoio a alcaldía nunha parte proporcional da xornada como temos proposto de  $\frac{3}{4}$  de xornada que indudablemente coa proporción do salario que se propoñía de 21.000€ a esa xornada, co cal volve por parte de Alcaldía a traerse este asunto aquí sen a necesaria concordancia ou acordo cos demais grupos polo cal seguimos apostando, en principio, por votar en contra.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Neste punto como ben dixo a Alcadesa vimos a ratificar, o Decreto de nomeamento desta persoa eventual. Respecto a Santi, o tema da denominación deste persoal me dis que no 2019 falábase de posto de confianza, sempre presumín que había temas que como oposición os estudabades ben sobre todo temas complexos e temas complicados como son os orzamentos xerais do Concello, fixen unha búsqueda rápida fun ao orzamento do exercicio 2019 que se aprobou en novembro e no Anexo de persoal laboral eventual e cargos públicos aparece xa esta persoa como auxiliar administrativo. Fai catro anos que este posto se denomina como auxiliar administrativo e vides a preguntar agora porqué se denomina auxiliar administrativo? Raro que non vos deste conta no 2019, ao mellor é unha estratexia para enmarañar e para enturbar máis si cabe o proceso.

En canto á legalidade do Decreto, este posto viña recollido no orzamento do 2019, no 2020, no 2021 e no 2022 e no actual que é o prorrogado do 2022, xa ven recollido o



posto e como neste caso non cambiamos ningunha das condicións de ese posto con respecto da persoa que o estaba exercendo en maio do 2023, por iso mesmo se fixo un decreto de nomeamento igual que se fixo un decreto de nomeamento en 2021 cando houbo cambio de Alcaldía, se fixo un decreto de nomeamento e os decretos ratifícanse no pleno.

En canto á seguridade social máis do mesmo, supoño que a xente que presume de empresarios e que presumen que teñen persoal a cargo nas súas empresas e nos seus negocios coñecen un pouquiño como vai o tema da seguridade social, sabedes que a seguridade social ben dada por lei non é hai algo que elixas, esta partida da seguridade social vai ser a mesma, no mesmo anexo de persoal laboral figura 7350€ custo total empresa 28350€, penso que neste momento está repostada a pregunta, isto é do 2019, si subiu algo ou variou sería por lei. É un posto que dende o ano 2006 xa existe dende o Concello, co PP xa existía, existiu tamén nos gobernos do BNG, existiu baixo a Alcaldía do PSOE e entendemos que o lóxico é que siga existindo a lei nos ampara. Concellos cunha poboación como o de Salceda de Caselas está permitido un posto de confianza e non lle atopamos máis polémica nin máis cousas que o lóxico funcionamento dun Concello. En canto a Tano que fai a mesma pregunta, faise un Decreto ao igual que se fixo no 2021 xa que non varían as condicións un posto recollido no orzamento vixente, cal é a diferenza co anterior pleno? A diferenza co anterior pleno é que si este goberno pretendía cambiar as condicións deste posto e elevar as retribucións de 21.000€ a 25.000€ por iso había un informe de intervención por iso había, digamos, que unha proposta distinta, agora se manteñen as mesmas condicións co ano 2019, insisto, non fai falla nada diso, simplemente repostarlle a Tano que fala do 75% ademais sen ningunha actualización en catro anos penso que en breve quedaría o salario desta persoa que fai, a xente que esta no Concello e no Goberno o sabe ben, en un ano ou dous anos estaría cobrando o salario mínimo interprofesional pensamos que o lóxico é que teña un salario de 21.000€. Falas da situación económica penso que non é escusa dicir que este posto ten que baixar as súas retribucións pola situación económica xa que realmente penso que é importante e así o vides dicindo é o custo global, o custo global baixa polo tanto non vexo a motivación.

**Sr. Rodríguez Davila:** É certo que estamos nun pleno do ano 2023, é certo que as condicións e a situación mudou bastante, é certo que non se pode seguir pretendendo, si vostedes non teñen esa maioría respaldada, seguir gobernando como si a tiveran e iso é o que me refería inicialmente cando lle quero facer ver que a realidade para vostedes é bastante diferente a fai uns meses atrás, salvo que vostedes consigan negociar cos seus socios de investidura, o apoio constante e permanente para todas as condicións ou para esas cuestións que vostedes pretenden traer a este pleno, ese é outro tema e outro asunto, agora o problema o teñen vostedes non o temos nós encanto a situación política que están vivindo e polo tanto son vostedes os que teñen que darlle solución si queren darlle cos seus socios de investidura, insisto. Polo tanto no PP o que pode atopar é contundencia á hora de



facer oposición nese senso e máis despois de todo o que vivimos nos últimos catro anos de mandato bipartito de vostedes e o PSOE, de todo o que tiveron que vivir os Salcedenses baixo os seus gobernos en canto a suba de imposto a maior da historia, en canto a débeda a maior da historia, en canto ao préstamo solicitado o maior da historia e polo tanto pretender vostede seguir vivindo como vivían ata fai uns meses creo que primeiro é non ser serio, segundo, non ser realistas coa situación no Concello e en terceiro lugar que todo lle da igual que aquí o importante é salvarse quen poida e pensando nos seus intereses pessoais e políticos e chegar a final de mes e seguir cobrando o mesmo, porque que máis da que os Salcedenses estean a sufrir as consecuencias das súas políticas, que máis da a situación do Concello é diferente a fai uns anos atrás e que máis da que os salcedenses teñan que pagar máis impostos que nunca, aquí o importante é que nós sigamos vivindo como sempre e cobrando como sempre.

Dito isto, señores do goberno minoritario, na relación de postos de traballo non existe esa praza, vostedes non teñen presuposto aprobado para o ano 2023, estamos a finais de agosto quedan escasos catro meses para acabar o ano, e vostedes tiveron maioría no pleno, vostedes e o PSOE, ata maio deste ano porqué non aprobaron o presuposto para este ano 2023? Iso sería o serio e responsable pero cando se pretende mirar para outro lado e non exercer as funcións que un ten de gobernar que son indelegables e de subsanar os recursos públicos dos salcedenses e aprobar as contas antes de que se inicie o ano por certo, nunca nos últimos dezaseis anos dende que a esquerda goberna Salceda se aprobou un presuposto antes de iniciar o ano, nunca incluso tendo maioría no pleno, prorrogaron moitas veces incluso non aprobaron o presuposto municipal, iso xa o di todo de vostedes, polo tanto, sexan realistas e vivan na realidade na que se atopan o noso Grupo vai votar en contra polo manifestado no pleno anterior máis polo manifestado no día de hoxe, e insistimos nós lle pedimos unha rectificación dese informe de intervención en canto ao custe a este pleno non ben polo tanto o deixamos en acta e seguimos insistindo o custe da seguridade social. Tamén solicitamos que se faga por parte da Alcaldía un decreto deixando sen efecto este decreto de nomeamento de persoa eventual de confianza e auxiliar administrativa e que polo tanto non siga percibindo os salarios mensuais como ata o de agora e tamén deixar constancia de que como se vai solucionar a diferenza do mesmo do cobrado o que se poida aprobar neste pleno nun futuro.

**Sra. Tourón Domínguez:** Sigo solicitando a información, quero dicir a min non se me aclarou o que pedín por rexistro nin o que acabo de dicir na miña primeira intervención, cal é a situación actual da persoa, de ese cargo eventual, unha vez que o informe de secretaria do día 16 de agosto di claramente *“en consecuencia co exposto a validez do decreto de Alcaldía número 2023-730 require que o pleno na primeira sesión que se celebre adopte un acordo onde se ratifique o establecido no sinalado no Decreto en canto ao número, características e retribucións do posto do persoal eventual, quedando así convalidado o mesmo, este acordo deberá ser publicado no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios do Concello, a non*



*ratificación polo pleno do Decreto Alcaldía número 2023-730 determina a invalidez do mesmo”, insisto unha vez que non se ratifica ese decreto no primeiro pleno, como indica o informe de Secretaria cal é a situación do persoal eventual a día de hoxe? E dito isto, sabendo que se fai un decreto, un goberno en minoría, se aproba por Alcaldía resulta que se trae ao primeiro pleno de organización unha proposta diferente ao acordo que se aproba sabendo que ten que ratificarse o decreto en pleno, se trae unha totalmente diferente a ese decreto firmado, despois non se aproba nese pleno traen outra proposta agora que é a ratificación dese decreto non sei como van a solucionar, nin como van a gobernar a partir de agora, pero isto é a base de carambolas a ver si somos quen de ir aprobando as cousas pero o informe de secretaria, dende logo, o di claro, si o xogo está en que traemos primeiro unha proposta e si non se ratifica seguimos mantendo o posto ata traer a proposta que se debería haber traído no primeiro pleno, o que dicía antes é unha carambola, creo que hai que ser serios. Alguén dixo neste pleno que os principios que os problemas dos e das Salcedenses son outros e é certo, hai que poñerse a traballar, hai que darse conta que é un goberno en minoría e hai que deixarse de facer carambolas ou distintas cousas para intentar evitar o que marca a Lei que é que as cousas teñen que pasar por este pleno e teñen que estar acordadas coa maioría da Corporación.*

En canto o que comentou o voceiro de Movemento Salceda simplemente aclarar, o decreto de 2021 cando se nomeou o persoal de confianza unha vez que eu asumo a Alcaldía non se fixo un decreto como neste caso, se fai un decreto para ese posto pero é que xa estaba aprobado en pleno para toda a lexislatura ese posto con esas retribucións e esas dedicacións, as cousas clariñas porque despois da lugar a moita confusión e deixamos quedar aí como que Verónica xa fixo o mesmo no 2021 é non é certo.

**Sr. Guerra García:** Aclarar unha cousa, o feito de que no 2007, 2011, 2015, 2019 se enténdense que tiña que haber unha persoa de confianza a xornada completa no gabinete de Alcaldía coas atribucións que se marcasen non quere dicir que o teña que haber no 2023, nin que teña que habela, nin que teña que ser a xornada completa, nin en que forma ten que ver, isto non é unha causa xa xulgada, en todo caso estamos no 2023 entendemos que determinadas situacións relacionadas coa economía do Concello debemos miralas moi con lupa e entendemos que debemos axustar ao máximo o que é o gasto do goberno local, as dedicacións do goberno local e o personl de confianza que para nós é o mesmo paquete.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Creo que quedou claro o tema de denominación do posto xa que non volvestes a dicir nada máis por parte do PP. Sigo insistindo o informe di que hai que traelo no primeiro pleno e estase traendo no primeiro pleno, cumprimos a legalidade en todo momento, así se fixo nos últimos 16 anos e senón, evidentemente, a canle e denunciar perante a fiscalía ou perante onde estimes oportuno, si tedes algo que denunciar ou si tedes probas ou indicios de que estamos facendo algo mal non hai problema ningún, a Fiscalía ao igual que no 2015. Unha pregunta a Santi, o PP





tería persoal de confianza ou non tería persoal de confianza?

**Sra. Alcaldesa:** Supoño que Santi non vai respostar a túa pregunta porque tampouco respondeu no anterior pleno a cal sería a súa proposta de salarios e dedicación, basicamente porque a coñecementos, o PP sempre dixo que a súa proposta de salarios e dedicación sería reducir nun 20% a masa salarial que se dedicase a salarios e resulta que a proposta que trae este equipo de goberno é dunha redución dun 25%, esta é a coherencia que mostra habitualmente o PP durante anos e durante toda a campaña presumiu que reduciría nun 20% as dedicacións e salarios, traemos unha proposta do 25% e votará en contra, seguramente no segundo punto ao igual que vai votar agora en contra dunha proposta ca que sempre estiveron de acordo que é ter persoal de confianza como tivo o PP sempre que gobernou neste Concello, curiosa, esta é señora e señores a coherencia do PP e ademais sinxelamente porque están enfadados, están enfadados porque non aceptan a realidade democrática que se da neste Concello, no resto dos Concellos e polo país adiante que é que un goberno coma o de Movemento Salceda, de catro persoas, efectivamente pode dirixir un Concello, mágoa que non sexa co apoio dos Grupos de esquerda porque sería máis, pero estamos seguras e seguros que vamos a facer e estamos facendo e creo que iso lles pesa un pouquiño a todos e todas, o feito de que nesta situación seguimos sacando as cousas a diante, eventos, Festa do Cristo, preparación Festa dos Callos, acaba de iniciarse o cambio de cuberta do pavillón, nesta semana iniciárase a humanización da rúa Rollo, traballos de saneamento... Seguiremos traballando arreo, prestando servizos a todos os Salcedenses e tamén é moi curioso, esta pataleta que ten co de auxiliar administrativo, explicoullo a Secretaria no pleno anterior, volveulle a explicar aos seus compañeiros na Comisión informativa, pode explicar agora aquí cal é o motivo e que non hai nada oscuro detrás delo, a Secretaria está aquí a vosa disposición para dar ese tipo de explicación e despois insiste vostede que no informe de intervención ten que figurar o importe da seguridade social e que debería cambiarse o informe, vostede non pode pedirlle a unha Interventora, a unha habilitada que cambie o informe, a seguridade social é a establecida por lei e vostedes deberían sabelo, teiman con iso non sei con que intención. A Interventora elaborou o seu informe sen máis, non sementen dúbida, si algo me fastidia é que sementen a dúbida, deán datos, fagan a súa oposición con claridade, e se seguen sen crer en nós hai fórmulas, vía xudicial, Fiscalía para denunciar uns feitos pero non sementen a dúbida sobre esta persoa que lles fala nin sobre o meu equipo, non o fagan.

En canto ao PSOE, curiosa a posición das compañeiras Gela e Verónica, que ademais formabamos parte do mesmo equipo, un equipo que dixen, digo e direi do que seguiría formando parte e creo que a todos nos sorprende o voso rexeitamento a formar parte deste equipo nesta nova lexislatura e me sorprende ademais moito neste punto do persoal eventual, cando ademais, o PSOE nesta lexislatura tivo dous persoais eventuais, un antes que se foi polos motivos que fora e outro a seguir e nós non nos opuxemos, por suposto, so faltaría, porque creemos que é necesario ese cargo e agora resulta que se absteñan cando por exemplo no 2011 cando o PSOE tiña



unha soa Concellería tiña un persoal eventual, persoal de confianza, ao seu cargo, curiosa esta posición que non acabo de entender.

En canto ao BNG o decreto non está sen efecto, nós na primeira sesión plenaria o que trouxemos foi unha proposta, é lícito presentar todas as propostas que se consideren foi a nosa proposta de arranque, recórdovos tanto ao PSOE coma ao BNG que tivemos máis de sete reunións dende o inicio das negociacións para precisamente negociar, achegarnos, niso consiste a negociación e somos conscientes de elo porque somos un goberno en minoría para chegar a acordos, catro proposta foron as que nós presentamos tanto ao PSOE como ao BNG para chegar hoxe a este pleno con unha proposta mixta, precisamente porque non atopabamos acordo entre os tres partidos e o PSOE manifestaba total acordo co persoal eventual e o BNG coa proposta que imos plantexar no segundo punto, esta é a proposta que traemos e curiosamente a proposta que o PSOE iba a aprobar pero resulta que vamos a obter a súa abstención. Vamos a someter este punto a votación.

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta RESULTA REXEITADA por CATRO votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda, UNHA abstención dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal e PSdeG-PSOE(2) e SETE votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (6) e BNG (1)**

### **Aprobación da proposta sobre retribucións de cargos con dedicación exclusiva e parcial. Asistencias. Dotacións económicas dos grupos políticos**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 5, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Paso a dar lectura a proposta seguinte:

*“Visto que de conformidade co disposto nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 13.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os membros das Corporacións Locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como a percibir indemnizacións na contía e condicións que estableza o Pleno da Corporación, en concepto de asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.*

*Así mesmo os Grupos Políticos Municipais teñen dereito a dispoñer dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais para o exercicio do cargo, o que fai aconsellable a asignación dunha contía económica de carácter mensual, que*



conterá un componente fixo idéntico para todos os grupos e outro variable en función do número de membros.

Considerando o disposto pola Disposición adicional trixésima quinta da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 e que resulta aplicable: "De conformidade con lo previsto en el artículo 75 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, según la redacción dada por la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local, y considerando lo dispuesto en el artículo 20 de la presente Ley, el límite máximo total que pueden percibir los miembros de las Corporaciones Locales por todos los conceptos retributivos y asistencias, excluidos los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquellos funcionarios de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales, será el que se recoge a continuación, atendiendo a su población: (...)"

Considerando que para un municipio comprendido entre 5.000 e 10.000 habitantes o límite son 52.272,61 euros anuais (Segundo a Disposición adicional adicional vixésimo sétima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, de conformidade co previsto no artigo 75 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local).

Considerando o disposto polo artigo 75 ter da LRBRL que establece os límites no número de cargos públicos das entidades locais con dedicación exclusiva, fíxándose que para os Concellos de municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de tres.

Considerando o equipo de goberno a necesidade de determinar a dedicación exclusiva ou parcial dalgúns dos seus membros aos efectos da correcta realización das súas tarefas de dirección política do Concello, por elo, propono ao Pleno do Concello de Salceda de Caselas que, en uso da atribución propia (art. 22.2 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), en relación co art 75 da LRBRL, previa a preceptiva fiscalización da Intervención do Concello, adopte os seguintes

#### ACORDOS:

**Primeiro.-** Determinar a dedicación exclusiva en relación aos seguintes cargos de goberno do Concello de Salceda de Caselas, coas retribucións que se indican:

- **Alcaldía:** Retribucións mensuais brutas de 3040,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total bruto anual: 42560,00 €).
- **Concellería de cultura, festexos, patrimonio, normalización lingüística, novas**



tecnoloxías, facenda, réxime interior, persoal, seguridade e tráfico: Retribucións mensuais brutas de 2200,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total bruto anual: 30800,00 €).

- Concellería de axenda ecolóxica, saneamento, medio rural, mobilidade, transporte deportes, mocidade e turismo: Retribucións mensuais brutas de 2200,00 € en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total bruto anual: 30800,00 €).

Estas retribucións actualizaranse anualmente na porcentaxe que determinen as Leis de Orzamentos para o persoal ao servizo do sector público, nos mesmos termos que correspondan ao persoal ao servizo do Concello.

**Segundo.-** Determinar a dedicación parcial, cun réxime equivalente a seis horas diarias de xornada de traballo, cuxo cumprimento deberá ser obxecto de control polos medios que determine a Alcaldía, en relación ao seguinte cargo de goberno, coas retribucións que se indican:

- Concellería de benestar social, igualdade, ensino, sanidade, comercio e industria, participación cidadá, formación e emprego, voluntariado: Retribucións mensuais brutas de 1500,00€ en 12 pagas e dúas extraordinarias en xuño e decembro (Total bruto anual: 21000,00 €).

Esta retribución actualizarase anualmente na porcentaxe que determinen as Leis de Orzamentos para o persoal ao servizo do sector público, nos mesmos termos que correspondan ao persoal ao servizo do Concello.

**Terceiro.-** Recoñecer o efecto retroactivo dos acordos recollidos no punto primeiro e segundo do presente acordo, ao abeiro do artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, desde as seguintes datas:

- Alcaldía: Efectos desde o 17 de xuño, data da súa toma de posesión.
- Concellería de cultura, festexos, patrimonio, normalización lingüística, novas tecnoloxías, facenda, réxime interior, persoal, seguridade e tráfico: Efectos desde o 7 de xullo, data en que se realizou a delegación de áreas mediante Resolución de Alcaldía núm. 2023-0836.
- Concellería de benestar social, igualdade, ensino, sanidade, comercio e industria, participación cidadá, formación e emprego, voluntariado: Efectos desde o 7 de xullo, data en que se realizou a delegación de áreas mediante Resolución de Alcaldía núm. 2023-0836.

**Cuarto.-** Manter en concepto de indemnizacións para os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, segundo artigo 75.3 e 4 LRBR, as



*cantidades que se indican na base 35.1.c) das Bases de Execución do Orzamento da corporación para 2023 (actualmente prorrogado do exercicio 2022), reguladora do réxime aplicable ás indemnizacións para os membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial.*

*Recoñecer o efecto retroactivo do presente acordo, ao abeiro do artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), desde o 17 de xuño, data da toma de posesión da actual corporación municipal.*

**Quinto.-** *Manter como asignación a cada grupo político, ao amparo do artigo 73 da Lei 7/85, as dotacións económicas da base 35.1.d) das Bases de Execución do Orzamento da corporación para 2023 (actualmente prorrogado do exercicio 2022), reguladora do réxime aplicable ás asignacións aos grupos políticos.*

*Destas cantidades, cada grupo municipal está obrigado a levar unha contabilidade específica, non podendo adicarse polos Grupos ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.*

**Sexto.-** *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios da Corporación."*

**Sra. Alcaldesa:** Igual que no primeiro punto e dado que MS fomos quenos presentamos a proposta a última quenda será para o portavoz de MS, Álex, iniciamos esta quenda de cinco minutos co portavoz do PP.

**Sr. Rodríguez Davila:** Xa que vostede se puxo en plan xefa lle digo que cumpra o Regulamento de organización deste pleno, polo tanto os grupos van intervir de maior a menor, polo tanto vostede non se pode saltar a torera o regulamento, polo tanto hai que intervir por orde de grupo de maior a menor, empeza este grupo e termina o minoritario, cumpra o que vostedes aprobaron neste pleno e polo tanto non pretenda facer a súa maneira o que lle interese, como fomos permissivos no primeiro punto xa que vostede viu en plan como ten que vir, cordial e como vostede se cambiou en versión agresiva e de impoñer e non dar a oportunidade de réplica aos portavoces, falo persoalmente por min, pois ata aquí chegamos Sra. Dolores Castiñeira Alén. Dito isto, non diga vostede na súa boca cousas que eu non dixen, eu non dixen que había que cambiar o informe da Sra. Interventora municipal, dixen que había que rectificalo, modificalo, lle dixen que se modifique ese informe porque si non se modifica ese informe segue existindo ese informe tal como viu a este pleno no pleno anterior, polo tanto nos lle pedimos e lle dixemos que había que modificar ese informe para que quedara ben claro ese informe, si foi un erro que se modifique e que se corrixa ese informe.



Nos alegramos moito que se fale do informes que veñen a este pleno dos que solicitou este grupo maioritario, por certo o único que pode pedir informes e plenos extraordinarios neste mandato por ser o que cumpre coa legalidade ao respecto. Pretender vostedes ter o mesmo coste que un goberno maioritario de sete concelleiros como mínimo é de risa, vostedes non asumen a realidade e vostedes pretenden perturbar a realidade do goberno minoritario que son e vostedes non se deberían dirixir tanto a este Grupo, Sra. Alcaldesa, diríxase vostede a quen a fixo Alcaldesa, aos grupos da oposición minoritarios desta Corporación que son os seus socios, os seus aliados, polo tanto diríxase a eles, dedíquelles máis tempo e esforzo a eles que a este Grupo porque seguro que os vai necesitar máis que a este Grupo. Vir aquí coa mesma cantinela logo de facer, como lle dixen na primeira intervención, vostedes a desfeita económica que teñen a este Concello sumido, despois de seguir coas liñas do teléfono cortadas a día de hoxe despois de meses, despois de seguir sen saber a día de hoxe o recoñecemento extraxudicial de crédito, despois de pedir o maior préstamo da historia de 2.200.000€, despois de todo iso vostedes pretenden que este Grupo apoie o custe en políticos e cargos a fins a vostedes, a vostedes todo lles vale, que máis da que os salcedenses teñan que pagar máis impostos que nunca, que máis da que os servizos cheguen máis tarde que nunca, que importa que os salcedenses teñan que pagar para ver chegar o saneamento a súa casa outros non, que máis da todo iso aquí o importante é a ver si salvo o meu salario a final de mes e o demais xa se ira mirando pouco a pouco. Nós centrándonos no artigo 39/2015 da Lei de procedemento administrativo común lle pedimos que se faga unha comprobación das persoas que vostedes pretenden ter unha dedicación exclusiva ou parcial na posible incompatibilidade de estar percibindo salarios no sector público co sector privado, e polo tanto nos gustaría saber como se vai comprobar esa circunstancia, quen é quen vai avalar e quen vai a ratificar que non hai esa incompatibilidade deses posibles días semanas de estar traballando no sector privado e pretender percibir con retroactividade diñeiro público dun cargo público dunha administración pública, porque vostedes o que pretenden aprobar hoxe aquí é con efecto retroactivo ata o 7 de xullo os cargos con dedicación exclusiva ou parcial, o de vostede do 17 de xuño pero os demais dende o 7 de xullo, como van a comprobar, verificar oficialmente que non se incumpra a incompatibilidade de poder estar percibindo diñeiro do sector privado e cobrar con retroactividade dende o sector público, neste caso, coa Corporación municipal. Polo tanto a nosa postura vai seguir sendo a mesma dado e dito no anterior pleno e tamén mencionado e o trasladado na tarde-noite de hoxe nesta primeira intervención.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Neste punto si que te vin bastante nervioso, Santi, ao igual ao ir quedando sen argumentación é o que pasa, levantas o ton a ver si levantando o ton tes máis razón que o resto, porque as contas son claras, ou acaso o PP, como vai o tema, con sete concelleiros é un importe, con seis é outro importe con cinco outro. O PP sempre dixo, linche a acta do pleno 2019, a acta do pleno do 2015 e o quid da cuestión como diciades naquela época, o PP sempre dixo que reduciría un 20% o salario e que sería o acorde a un Concello como Salceda, polo tanto agora que



reducimos o 20% na anterior proposta e nesta un 25 % non vos vale, tedes que inventar outras excusas distintas, elevar o ton, como sempre pensades que gritando se vos vai facer máis caso. O informe que comentas do anterior punto foi un informe que se realizou para un punto que era unha modificación das condicións e non se aprobou e polo tanto non vexo a necesidade de rectificar ese informe porque penso que o persoal do Concello ten mellores cosas que facer que rectificar un informe que non se vai a empregar para nada.

**Sra. Tourón Domínguez:** Un informe que non se vai a empregar para nada entre iso e o que acaban de anunciar que si temos que pedir un informe que vaíamos a fiscalía ou que vaíamos a vía xudicial, o voceiro acaba de dicir que un informe que non se vai a empregar para nada e a Alcaldía e o voceiro do MS dixo tamén que si non estabamos de acordo ou creiamos que era unha ilegalidade en vez de pedir informes que foramos a fiscalía ou a vía xudicial. Eu creo, e insisto, eu solicitei un informe, quero que quede rexistrado en acta que solicitei información sobre o punto anterior, sobre cal é a situación do persoal eventual unha vez que non se aprobou no primeiro pleno despois de nomeala por decreto, que o goberno decida si quere dar a información ou non.

En canto a este punto, o PSOE, xa llo comunicamos na xunta de portavoces, xa se lle indicou despois na reunión entre partidos entre a agrupación socialista de Salceda e Movemento Salceda e tamén se volveu a insistir pola miña parte na Comisión que se celebrou para este pleno, cal era a última proposta que facía o PSOE, pero por si non quedou clara e vista a información que vai saíndo na prensa e as presións as que se pretende someter vou a aclaralo para que todos e todas, incluída a veciñanza, teña clara cal é a postura e a proposta do PSOE. Con catro persoas elixidas, electas nas pasadas eleccións a proposta inclúe, salario da Alcaldía con dedicación exclusiva de 3.040€, outra dedicación exclusiva de 2200€, dúas dedicacións parciais de 6 horas de 1.500€ cada unha e unha persoa de confianza con dedicación exclusiva de 8 hora de 1.500€, iso con catro concelleiros e concelleiras electos, ademais isto que están sen soldo e sen cotización, digamos que en ningún momento aquí se lles está dicindo que estean sen soldo e sen dedicación ,se lle está facendo esta proposta que non foi a primeira que foi negociada tamén e van a cobrar, e así o inclúen na proposta de Alcaldía, con retroactividade, é dicir, non están traballando sen soldo e sen cotización. Aclarar tamén que insistimos no contexto do Plan de axuste asinado polo anterior equipo de goberno do que Movemento Salceda, como ben fixo alusión a Alcaldía antes, tamén formaba parte e no que se recollen medidas de axuste tanto nos gastos como no control de ingresos e non é o contexto, o que nos pensamos, o que tiñamos cando se firmou ese plan de axuste é o contexto no que proceda suba de salarios, soldos, retribucións, actualización, etc... ata, polo menos, que a situación financeira do Concello vaia cumprindo co recollido nese plan de axuste, que insisto asinei eu como Alcaldesa pero co acordo do equipo de goberno completo que estamos naquel momento.



Por aclarar tamén algunhas cuestións vertidas na prensa estes días, si os concelleiros e concelleiras de Movemento Salceda teñen máis competencias so é froito da falta de capacidade de negociación para acadar un acordo co resto das forzas progresistas para que quixeramos participar no goberno, algo terán que ver o proxecto político e tamén as formas que acabamos de ver no punto anterior e as formas coas que se quere gobernar para que ningún dos grupos de esquerdas quixeran formar parte de ese goberno. Insistir tanto a Movemento Salceda como tamén ao PP, tamén o dixen no pleno de investidura, que o pacto non era un cheque en branco, que o acordo de investir non é un cheque en branco, investir non significa que teñamos que dicir que si a todo o que se propoña neste pleno. Insisto, como dicía antes, nin as formas nin o proxecto foi quen de convencer nin ao PSOE despois de haber gobernado catro anos con Movemento Salceda nin tampouco ao BNG. O único punto en común que temos en relación co pleno de investidura e de organización ata agora foi evitar que a dereita gobernarse con todo o que iso implica, iso si, os socialistas e as socialistas de Salceda exerceremos con firmeza o control e labor da oposición e sen dúbidas, que ningún dubide que vamos a achegar a acordos naquelas propostas que sexan beneficiosas para a veciñanza, para a vida dos veciños e veciñas e neste caso consideramos que a proposta que se trae non é beneficiosa para a veciñanza. Por si non queda claro sigo insistindo, non se está deixando a ninguén sen soldo, nin cotización, con catro concelleiros e concelleiras electas se lles ofrece, e hai acordo porque xa o dixo o compañeiro do BNG na Comisión informativa, se suma a proposta do PSOE, eses soldos que ofrecemos ata o 16 de xuño eran válidos e lle servían ao PSOE e a Movemento Salceda e agora non serven e non son suficientes para Movemento Salceda. Rematando, escoitar o que se escoitou hoxe na prensa que traballar por 1500€ é voluntariado creo que mellor non vou dar a miña opinión. A Alcaldesa mencionaba e alardeaba da súa paixón pola política no pleno de investidura onde esta esa paixón pola política e onde está ese servizo público que debemos ter todas e cada unha das persoas que nos dedicamos a política.

**Sr. Guerra García:** Respecto deste punto, a proposta de Alcaldía trae uns valores que nós en negociación admitimos na medida que cumpren unha liña firme para nós que non a queríamos traspasar, que é que as retribucións tiñan que ser as mesmas que había ata o mes de xuño, si valían en xuño non podíamos dicir que dada a situación que en xullo tiñan que ser diferentes, agora ben, esta proposta está incluíndo algo no que nós non estamos de acordo e así llo manifestamos ao grupo de goberno e é a actualización. Nós entendemos que as retribucións que se pacten hoxe teñen que ser as mesmas, neste mandato municipal e acabado o mandato municipal será cuestión, si estamos aquí, de revisar o que proceda si é que procede revisar algo, pero neste momento nós non estamos por actualizar estas retribucións. Nos gustaría que a efectos de trasladar este debate á opinión pública que realmente fomos todos un pouco máis consecuentes. Primeiro non estamos falando de traballadores-traballadoras estamos falando de cargos políticos que imos a política porque dicimos que nos gusta facer cousas, non pode ser que unha vez que esteamos alí xa nos dous primeiros plenos en vez de pensar na organización deste Concello entean centrados





nas retribucións dos membros do Goberno. Dito isto quero separar claramente unha cousa e é non podemos pensar en montar unha mesa negociadora e negociar aquí un convenio para as persoas que formades parte do Goberno deste Concello, porque non sodes nin persoal laboral, nin sodes traballadores normais e correntes, sodes cargos públicos e sobre tal é onde temos que centrar o debate, porque cando se fala por aí de salarios dignos, non sei canta xente por aí cobra 30.800€ brutos, xa me gustaría ver nesta sala todas as persoas que estamos cantos cobran 30.800€ brutos non falo do salario de Alcaldía. Centremos o debate porque á hora de soltar improperios e demagoxias isto da para moito e a nós gustaríanos que nos centrásemos no importante. Para nós valen os importes porque non son diferentes dos que había, pero nós propoñémoslle á Alcaldía que retire a actualización e entón nós votaremos a favor.

**Sr. Rodríguez Davila:** Sres. do Goberno, a actual Corporación é esta, seis membros do PP, case maioría absoluta, catro de Movemento Salceda, dous do PSOE e un do BNG, polo tanto porque vostedes están gobernado? A Constitución permite que os que perden as eleccións gobernen porque teñen máis votos na investidura pois por iso mesmo tiña que conseguir eses votos para que lle deán os soldos, pero eu estou seguro que si vostedes o seguen intentando xa miran como o PSOE e BNG van cambiando de postura respecto do pleno anterior, porque como hai tanta información e a todos se nos esquece a postura inicial de eses dous grupos, é algo diferente ao que nos trasladan no día de hoxe e polo tanto si vostedes empuxan un pouco máis seguro que o van a conseguir e van a ter ese votos suficientes para sacar adiante o que tanto lles preocupa a vostedes, non aos salcedenses, que é os seus salarios, as cotizacións ao final de mes.

Respecto ao que insisten e insisten, claro que mantemos o que dixemos no pasado, nos o manifestamos, o dixemos e o avalaron as urnas que nós propoñemos unha redución do 20% si fósemos goberno pero que nós nunca seremos un goberno perdedor de catro concelleiros, nós seremos un goberno de maioría con sete concelleiros como mínimo e ese é a proposta deste grupo e deste portavoz dun 20% mínimo para un grupo de goberno de como mínimo de sete concelleiros e non do que vostedes son agora mesmo, porque con sete concelleiros se goberna pero con catro perdemos o tempo, pero non vostedes senón os salcedenses, con sete se goberna se traen a pleno propostas que se aproban, se modifican ordenanzas, si traen un proxecto con catro teñen que negociar pero cos seus socios de investidura, Sra. Alcaldesa, polo tanto, non pretenda vostede meternos a todos no mesmo saco, o problema o teñen vostedes e os Salcedenses en que tres meses despois das eleccións vimos aquí e seguimos debatindo ou seguen vostedes empeñados en sacar o que lles preocupa e non os problemas que teñen os salcedenses e iso é unha tristeza para este pobo que vostedes parece que non queren ver a realidade. O que lles digo é que os que vos puxestes de acordo súper rápido para facer un goberno sexades un pouco serios e traballedes polo ben de Salceda e non que deades este espectáculo porque ao final, o que se está falando neste pobo e do que se está



falando e non do que se debería estar falando por culpa de persoas que co único, como se dixo no día de hoxe, obxecto de que non gobernarse o que gañou as eleccións pois agora nin deixan, nin axudan, nin todo o contrario, polo tanto sexan un pouco responsables e déixense de tanta irresponsabilidade e polo tanto ou se está ou non se está non se pode estar ao mesmo temo nas dúas cousas.

**Sr. Rodríguez Canosa:** É curioso estamos en pleno século XXI e aínda hai que facer pedagogía de como funciona un goberno representativo e vos sempre falades da forza máis votada e de feito recordo ao voso líder asinando un documento como que solo podía gobernar a forza máis votada e ao final cando vos convén, en Canarias a forza máis votada é o PSOE e alí non dixestes nada, acordades con Coalición Canaria e entón que governe a forza máis votada si pero solo cando me convén a min, non? Evidentemente é un discurso que ven marcado dende Madrid e que ao final ao estar nun partido como o voso respondedes.

Claro que somos conscientes de que temos que negociar e por iso estamos aquí e por iso traemos este punto ao pleno e por iso se realizaron máis de sete reunións e si que podemos dicir que Movemento Salceda sempre levou a iniciativa de cara a negociar tanto co PP como co PSOE e co BNG. No anterior pleno trouxemos unha proposta, neste traemos unha proposta distinta, por certo a cuarta proposta que lle presentamos tanto a BNG e PSOE e esta é a segunda proposta que traemos a este pleno. Esta é unha proposta intermedia e como dixo o portavoz do grupo mixto, coincide coa proposta que eles nos facían, as cifras creo que están claras, a redución do 25%. Verónica falaba do plan de axuste polo que non se podían aumentar salarios, os salarios non están subindo, estamos reducindo o custe total esta medida incluso aínda que non estivera prevista se pode incluír nas distintas medidas que se fan no plan de axuste.

Respecto ao PSOE é todo unha incongruencia, ao final, o que digo na lexislatura 2019-2023 é unha cousa e o que digo a partir de xuño 2023 é outra cousa completamente distinta, entendo que o traballo do Concello, das concelleiras é o mesmo nesta lexislatura que na anterior, na anterior lexislatura valían perfectamente e estaban xustificadas tres dedicacións completas nun goberno de sete persoas pero agora mesmo neste goberno de catro non están xustificadas tres dedicación exclusivas, non entendo cal é a coherencia de esa proposta. Respecto a retroactividade entendemos que é o lóxico, está claro que levamos, algúns, dous meses traballando, outros algo menos pero levan dedicándolle tempo ao Concello e si que me gustaría aclarar unha cousa a Verónica, é que si que se plantexa a retroactividade de salarios pero si que na seguridade social no é posible, estes dous meses estamos sen a cotización á seguridade social e continuaremos sen a cotización a seguridade social.

Respecto do BNG, máis do que se debateu no anterior pleno, penso que cando goberna o BNG aplícase un conto, como no anterior punto da orde do día, que eles



no 2007 o BNG tiña persoal de confianza cobrando o 100%, en cambio agora non hai e a situación económica é similar á crise económica que había no 2007 e a situación económica que había no Concello no 2007. Creo que todos lembramos como era, xa me quedou claro que nós non somos traballadores, que nós non traballamos pero si que ao final é unha cousa de vocación, de servizo público que penso que as trece persoas que formamos a Corporación en ningún momento dubido que teñamos esa vocación de servizo público, senón non estaríamos aquí, pero evidentemente todo traballador e toda persoa que exerce un traballo merece unha retribución e así penso que a defenden todos os delegados sindicais deste país, igual todos agás un. Que un delegado sindical diga que non se merece un salario digno paréceme estraño. En canto á actualización do salario que comentas, supoño que nas empresas privadas e nos sindicatos tampouco as subidas salariais lles afectan aos representantes dos sindicatos e aos liberados sindicais, penso que si que lles afecta e creo que a veciñanza pode entender a cuestión como bastante similar. Lembrar que o BNG cando gobernou no 2007 había unha persoa daquela do BNG que naquel momento era Concelleiro do BNG e que agora segue indo nas listas do BNG, que daquela cobraba 39.000€, estamos falando do 2007, 39.000€ cando os salario dende o 2007 creceron preto dun 30% de media. Dicirille ao Grupo mixto que si o problema son as actualizacións dos salarios, ao igual que ao resto de empregados do Concello pensamos que non hai ningún problema e estamos dispostos a modificar a proposta no pleno e retirar a actualización dos salarios durante a lexislatura, aínda que pensamos que sería o lóxico, insisto estamos dispostos a retirar esa parte.

**Sra. Tourón Domínguez:** Lle pregunto ao voceiro de Movemento Salceda cal é a retribución ou o salario que non lle parece digno? Porque insisto, con catro concelleiros - concelleiras electas a proposta que fai o PSOE son unha dedicación exclusiva para Alcaldía de 3.040€, unha dedicación exclusiva para un dous Concelleiros de 2.200€, dúas dedicacións parciais de 6 horas de cotización a 1.500€ e unha de dedicación exclusiva para o persoal de confianza de oito hora de 1.500€, cal é o salario que non lle parece digno ou cal é a retribución que non lle parece digna ao voceiro de Movemento Salceda? Creo que estamos debatendo sobre o mesmo. Insisto esas son as cantidades, cinco persoas con dedicación con catro concelleiros e concelleiras electas e non se preocupe o PP nin Movemento Salceda nin ninguén desta Corporación e tampouco a veciñanza, o PSOE vai facer unha oposición seria como fixo cando lle tocou facer oposición e como gobernou tamén de forma seria, presentando propostas en positivo, non vindo aquí dicindo que non a todo. Pódolle nomear unhas cantas da lexislatura do 2015-2019, facendo propostas e apoiando aquelas proposta do goberno ou incluso do PP que eran beneficiosas para a veciñanza e que non se preocupe a veciñanza, que vamos a seguir traballando así porque así creo que é como quere que governe a veciñanza e creo que nos puxo con dous concelleiras na oposición e vamos a ser serios, a nos non nos fai falta uns salarios para facer oposición seria, non sei si ao PP ou a alguén lle farían falta a nós non e vamos a estar na oposición pero vamos a seguir traballando como fixemos sempre.



**Sr. Guerra García:** A raíz de algunhas intervencións fixemos ben en facer oídos sordos cando o PP despois do 28 de maio nos chamou, porque si chegamos a entrar en conversas non sei a estas horas o que estaría dicindo, sobre todo despois de oír que vimos a este pleno mudando as posicións que tiñamos no anterior pleno cando é mentira. Puxemos unha liña de que non queríamos salarios diferentes dos que había, en todo caso alegrámonos que por parte da Agrupación de electores de MS, os cargos electos, acepten que non se actualicen os salarios, iso para nós facilitarnos o noso voto en positivo, en todo caso nós temos claro que os membros do goberno teñen que ser retribuídos, os criterios son os que estamos aquí manexando e os que estivemos manexando entre conversas, entre grupos políticos. Alejandro Rodríguez Canosa si cree que os seus dereitos laborais están prexudicados eu o que lle recomendo é que se afilie a un sindicato e que vaia a informase.

**Sr. Rodríguez Canosa:** En canto ao BNG aclarar que estamos dispostos a retirar do acordo e modificar a proposta modificando a actualización do IPC si que se ve a negociación, eles presentamos unha inicial nós presentaron outra ao final conseguimos chegar a acordos, cando dous grupos queren chegar a acordos e establecen liñas vermellas asequibles como neste caso o Grupo mixto penso que o acordo chega e así se pode ver.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que todos os veciños e veciñas que estades aquí presentes e os que escoitades a través das redes escoitastes como o PP, o seu portavoz Santiago Rodríguez Davila, dicía que se conseguía un aforro de máis dun 20% que era o que eles sempre propuxeron pero que van a votar en contra, repito, iso é coherencia. Preocúpalles tamén como se vai a controlar a parcialidade dunha das dedicacións, apuntábame a Secretaria que iso quen o fai, ese control o realiza precisamente intervención, supoño que non dubidares nin da legalidade de ese control, nin da legalidade da compatibilidade dunha parcial para iso é parcial e non exclusiva, entendo que queda claro.

Con respecto ao PSOE, baixar dedicacións completas porque hai menos concelleiros e concelleiras, que ese sexa o razoamento a min me leva a pensar que entón significa que na anterior lexislatura sobra xente ou eran demasiadas tres dedicacións antes ou non o son agora, hai algo incongruente, e de verdade confío por catro anos de goberno compartido e onde se fixo moi bo traballo, que este tipo de argumentos non sexan castigos, polo ben da veciñanza. Nós estamos aquí precisamente por vocación, levamos dous meses traballando arreo e dende logo vivimos con paixón a política e todo o que facemos para a nosa veciñanza e seguiremos a facelo mentres sexa posible e me gustaría, Verónica, que me dixeses que medio de comunicación e que persoa dixou ou quen de nos dixou que 1500€ era voluntariado, quen foi a persoa e que medio de comunicación porque estou segura que da miña boca iso non saíu e nin da do resto dos meus compañeiros. Digo o mesmo que o que lle dicía ao PP, hai opinións diferentes, isto é un salón plenario



onde hai grupos diferentes pero coidado con verter medias verdades ou falsidades cando despois non hai maneira de dicir quen as dixo porque asegúrovos, veciños e veciñas, que ningún dos meus compañeiros e eu dixemos iso.

BNG, podemos renunciar a actualización, si ben é certo, que en algunha das nosas conversas falamos ao noso entender, de algunha posible actualización, si se producía unha vez dialogada durante a lexislatura, por iso decidimos incluílo e porque a nós igual que a retroactividade nos parece o máis axeitado, ou alguén dubida a caso que estivemos traballando? Creo que hai probas evidentes de que o estivemos facendo. Esta é a cuarta proposta de rebaixa de salarios, a que presentamos hoxe precisamente para chegar a encontros, encaixar eses importes salariais e seguridade social e de momento, polo que se ve, non vamos a ter o apoio do PP nin o apoio do PSOE para levalas adiante. Repito unha vez máis, necesito este equipo, un equipo formado por catro persoas, dous concelleiros e unha concelleira que me acompañan e eu estou segurísima de que podemos sacar o proxecto adiante e imos demostralo evidentemente con unhas dedicacións e uns salarios que é o que defendeu sempre a esquerda, a esquerda de verdade deste país, si o fixo no 2007 con retribucións bastantes maiores as que se traen a este pleno e dos que precisamente o BNG formaba parte.

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta RESULTA REXEITADA por CINCO votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e BNG (1) e OITO votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (6) e PSdeG-PSOE(2)**

### Aprobación da proposta de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local.

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 6, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Dou lectura a proposta de Alcaldía seguinte:

*"A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dispón nos seus artigos 21 e 22 a atribución de competencias á Alcaldía e ao Pleno respectivamente, sinalando para cada un destes órganos a posibilidade de delegar parte das súas competencias.*

*Considerando que a Xunta de Goberno Local se configura como un órgano colexiado no que resulta posible efectuar ditas delegacións, e que polo seu funcionamento, celebrando sesión ordinaria cada quince días, resulta máis eficaz e áxil na defensa dos intereses municipais así coma en determinados asuntos que teñen directa repercusión na veciñanza, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*



## ACORDO

**Primeiro.-** Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias:

1.- O exercicio de acción xudiciais, administrativas e defensa da Corporación en materia de competencia plenaria, incluíndo o exercicio da potestade de investigación, de recuperación de oficio e de deslinde.

2.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

3.- As contratacións e concesións de toda clase cando sexan competencia do Pleno, con exclusión das concesión de bens e servizos por máis de 5 anos e que superen o 20% dos recursos ordinarios do orzamento, por prohibición expresa do artigo 47.2 LBRL.

4.- A aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente o Pleno para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

5.- A adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento dos mesmos cando sexa competente o Pleno, con exclusión do alleamento de bens que excedan do 20% dos recursos ordinarios do orzamento.

6.- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo iso, de conformidade co disposto en a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

**Segundo.-** O Pleno en calquera momento poderá asumir as atribucións delegadas nesta Resolución sen perxuício da súa avocación segundo o disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

**Terceiro.-** Facer constar que os asuntos que se haxan de someter á Xunta de Goberno Local como consecuencia desta delegación, terán que ser previamente ditaminados pola Comisión Informativa competente por razón da materia, co obxecto de dar cumprimento ao disposto polo artigo 63.e) do Regulamento Orgánico Municipal.

**Cuarto.-** Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que celebre e será publicada no Boletín Oficial da Provincia, sen perxuício da súa efectividade desde o día seguinte ao do presente acordo



**Quinto.-** No non previsto neste acordo rexerá o disposto na Lei 7/1985, Lei 5/1997 e RD 2568/1986, no marco das regras que para as delegacións se establece nestas normas.”

**Sr. Rodríguez Davila:** Nós nos vamos a remitir a intervención do pleno anterior, polo tanto un goberno en minoría non debe ter as competencia delegadas na Comisión de Goberno e si que o pleno debe ter todas as competencias que ten asignadas dende o inicio do mandato porque agora mesmo sumamos nove a oposición e catro o goberno, non vamos a estar de acordo en darlle esas competencias do Pleno na Xunta de Goberno para que fagan e desfagan o que teñan a ben, polo tanto votamos en contra.

**Sr. Rodríguez Canosa:** Despois de que non aprobara a anterior proposta no anterior pleno traemos unha nova proposta de delegación de competencias do pleno na Xunta de Goberno Local, retiramos un dos puntos que menos acaído lle parecería a oposición no anterior pleno, que é a de aprobación de proxectos, as que traemos, como ben dixemos no anterior pleno, é unha cuestión de practicidade e de operatividade no día a día do goberno, e polo tanto esta é a nosa proposta.

**Sra. Tourón Domínguez:** O PSOE como acaba de dicir no punto anterior, vai facer unha oposición responsable e unha das probas é este punto, xa no anterior pleno dixemos que apoiariamos as competencias na Xunta de Goberno Local si se retiraba a aprobación de proxectos como estaba na lexislatura anterior, co cal evitar esa ingobernabilidade e para que poidan traballar, como di o voceiro de MS, sen impedimentos, nós a vamos a volver a votar a favor de este acordo, porque si a organización do Concello, si aprobación dos temas de Xunta de Goberno Local e operatividade é necesaria e é beneficioso para a veciñanza co cal demostrando unha vez máis esa oposición en positivo que queremos facer, o PSOE vai a votar a favor desta proposta.

**Sr. Guerra García:** Toda acción de goberno debe estar sometida á maioría do pleno, no seu control, na súa análise, nas súas decisión, un goberno en minoría entendemos que non pode ter delegacións de competencias que corresponden ao pleno ao contra de cando un goberno ten maioría, a propia maioría que sustenta con esa Xunta de Goberno, co cal seguimos mantendo a nosa oposición de delegar na Xunta de Goberno competencias do pleno.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA REXEITADA** por **SEIS votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE (2) e SETE votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (6) e BNG (1)**



**Expediente 1664/2023. Fixación de festivos locais para o ano 2024.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Sra. Alcaldesa: Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

*“Visto o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos Traballadores e nos artigos 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do 1561/1995 do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, de conformidade cos cales serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables dúas festas locais, que serán determinadas polo/a xefe/a territorial da Consellería de Emprego e Igualdade en cada unha das delegacións territoriais da comunidade autónoma, por proposta do órgano municipal competente dos respectivos Concellos e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no Diario Oficial de Galicia.*

*Visto o requirimento efectuado pola Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, recibido en data 20.07.2024 (Rex. núm. 2024-E-RC-4166) para que se proceda á realizar a proposta de festas locais do Concello para o ano 2024 e se remita antes do 30 de setembro.*

*Tendo en conta as datas tradicionais das festas locais e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), artigos 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e de acordo co artigo 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, que determina que será o Pleno o órgano competente,*

*Propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

**1.-** *Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2024:*

- *13 de febreiro de 2024 (Martes de entroido)*
- *22 de xullo de 2024 (Luns do Cristo)*

**2.-** *Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede Vigo).”*

**Sr. Rodríguez Davila:** Como todos os anos votamos a favor destes festivos xa consolidados e tradicionais do noso Concello e polo tanto oxalá todos poidamos estar e desfrutar tanto da Festa do Entroido neste martes que cae en 13 e tamén o 22 de xullo que vai a ser o Luns do Cristo e que alí esperemos estar todos na Praza do Concello desfrutando das nosas festas.





**Sra. Tourón Domínguez:** Seguirán sendo días grandes de festas locais en Salceda o Martes de Entroido e o Luns do Cristo, totalmente de acordo con esta proposta.

**Sr. Guerra García:** Parece que nas festas imos coincidir todos.

**VOTACIÓN:** Sometida a votación a proposta a, esta **RESULTA APROBDA** por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

**1.-** Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2024:

- 13 de febreiro de 2024 (Martes de entroido)
- 22 de xullo de 2024 (Luns do Cristo)

**2.-** Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade (Xefatura Territorial de Pontevedra, sede Vigo).

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

